NORMAS ACTIVIDADES DE NADAL 2026/2027

1. Respectar en todo momento a monitores, resto de participantes e familias usuarias do servizo.

2. Todos participarán nas actividades programadas, agás algún caso excepcional autorizado polo persoal da ludoteca.

3. Cumpriremos os horarios establecidos para actividades e descanso. A hora de entrada é entre as **8:30 a 9:30** horas, quitando casos excepcionais e puntuais acreditados documentalmente. A hora de saída será de **13:30 a 14:30** horas menos en casos excepcionais e puntuais acreditados documentalmente.

De 8:30 a 9:00 horas e de 14:00 a 14:30 horas realizarán actividades, só haberá garda e custodia dos menores.

4. Os nenos non poderán levar consigo teléfonos nin ningún outro dispositivo co que se poidan tomar imaxes no transcurso das actividades.

5. **Non se fan cambios de cueiro.** Non se mudará de roupa os menores que teñan incontinencia. Chamaráselles aos pais/autorizados para que acudan a cambialos no centro. Non se subministrarán medicamentos.

6. FANPA no se responsabiliza da perda de obxectos persoais, diñeiro e/ou prendas de roupa que poida producirse durante o desenvolvemento das actividades ou do seu deterioro. Os obxectos perdidos ou esquecidos, no caso de que fosen recuperados, estarán á súa disposición durante o mes de setembro nas oficinas de FANPA, se estas non foron reclamadas, serán cedidas a unha entidade benéfica.

7. Nos casos de incumprimento das normas por parte dos usuarios ou dos seus pais ou titores, de funcionamento da ludoteca, avisaráselles aos proxenitores ou titores legais. Se a actitude incorrecta fose continuada ou de gravidade, FANPA resérvase o dereito de instar o participante a abandonar a actividade anticipadamente, o que suporá a perda do importe pagado pola ludoteca.